

O PETROGLIFO DE CHAMORRO (S. SALVADOR DE SERANTES, FERROL)

Por Juan A. CARNEIRO REY

Ramón FÁBREGAS VALCARCE

Departamento de Historia I. Universidade de Santiago de Compostela

Abstract: **The petroglyph of Chamorro (S. Salvador de Serantes, Ferrol):** We study a recently discovered carving close to the Christian chapel of Chamorro. The surface is carved exclusively with abstract motifs (circles and cupmarks) and from this site there is a good visual command of a wet area and several paths leading from the lowlands to the plateaus beneath.

Keywords: Rock art; Circular combination; NW Iberia.

Life is strange, but down here it seems so very precious [Last days of Eden]

Dende a última década do século XX unha serie de traballos e catalogacións, levados adiante por afeccionados na súa maior parte, veñen de ampliar sensiblemente as fronteiras do grupo galaico de arte rupestre, durante moitos anos cinguido basicamente á área que vai do val medio do Lérez ás penínsulas do Morrazo e Salnés. Así, sen desbotar en absoluto o carácter singular da zona referida, verdadeiro cerne da arte ao aire libre galega, novas comarcas se incorporaron a este acervo, mesmo cunha boa representación cuantitativa, como nos casos do Baixo Miño e o Barbanza (Costas et al. 1999; Guitián e Guitián 2001), pero cun crecente número de achados noutras comarcas galegas (p.ex. Correa 2002) ou do Norte de Portugal.

As insculturas presentes neses 'territorios periféricos' respecto da área clásica tenden a ser menos variadas iconograficamente, cunha marcada redución ou desaparición dos motivos naturalistas, ficando as combinacións circulares ou as coviñas como cáseque únicos elementos do seu repertorio temático. Non obstante, hai excepcións como a abundante presenza de zoomorfos na comarca

barbanzá e algunhas estacións ailladas (¿pola falla de máis investigacións sistemáticas?) como pode ser, nomeadamente, a de Pedra Ancha (Dumbría) (Costas et al. 1993-94) ou a coñecida dende hai tempo do Castriño de Conxo (Santiago de Compostela) (Peña 1979). Non embargantes, a rocha gravada canda a ermida de Chamorro da que imos falar a seguir, se insire dentro da máis xeralizada preferencia polas representacións abstractas do xénero máis simple.

CONTORNO

O monte de Chamorro sitúase ao nornoroeste da cidade de Ferrol e forma parte dunha estribación das serras litorais que seguen unha dirección SW – NE. O monte está formado maioritariamente por sustratos graníticos que afloran en forma de penedos, moi abundantes en toda a súa superficie.

O petroglifo atópase situado no topo dun bloco granítico, na aba sur do monte, nun rechán onde se ergue a ermida da Virxe de Chamorro, a 160 m. de altitude.

Na penechaira de Chamorro nacen algúns regatos que seguindo o natural relevo van dar ao val de Serantes e desembocan na enseada da Malata na ría de Ferrol. Algúns destes regos están canalizados e outros abroian en fontes como a que existe a 150 m. ao NE da ermida. O entorno destas correntes de auga mantense húmido durante todo o ano. Esta circunstancia fixo destas zonas do monte lugares apropiados para o pasto do gando desde tempo inmemorial, pois eran áreas de pastizais sempre frescos, caso do lugar do Regueiro do Feal, onde se reunían os pastores das parroquias da zona para lindar as súas ovellas e vacas, debido á existencia de mananciais de abundosa auga. Mesmo debaixo da capela, uns 40 m. ao sur, na zona onde hai menor pendente existe unha mina de auga. Inda hoxe é un sitio brañoso, no vran está húmido e no inverno agroma a auga. Antigamente ían pastar a este lugar vacas e ovellas e nas súas inmediacións sementábase centeo. Asemade, o monte utilizouse desde antigo como proveedor de materiais para cama do gando, de abonado e de combustible e outros usos domésticos dos paisanos da zona.

A adicación do solo de Chamorro como toxeira, monte baixo ou ermo está documentada xa no Catastro de Ensenada (1752), e eses mesmos usos se lle seguíu dando segundo outros catastros contemporáneos consultados. Este tipo de aproveitamento ven dado polas condicións edáficas do monte, con solos moi acedos, degradados e de pouca potencia, con continuos afloramentos graníticos.

O cumio do monte, chamado Pico do Ouro (254 m.) ten unha utilización como canteira aínda actualmente. Ésta vai avanzando de cote e comendo cada vez máis superficie ao monte. A 80 m. ao sur da ermida existe outra canteira (ésta abandonada desde hai uns 50 anos) da que se dicía que os traballos de extracción de pedra podían facer peligrar a igrexa e que ésta podía virse abaixo. Por todo o monte quitaron pedra desde antigo, sobre todo no s. XVIII con motivo da elección

de Ferrol como capital de Departamento Marítimo e as conseguíntes obras de recheo e construción dos arsenais, ademais de novas vías de comunicación.

O monte de Chamorro ocupa unha posición estratéxica entre as parroquias costeiras situadas máis ao norte e a cidade de Ferrol. En efecto, esta formación orográfica constitúe un eixo de comunicación que foi aproveitado ata ben entrado o século XX polas xentes das aldeas das parroquias da Mariña, Esmelle, Covas e Marmancón que se achegaban a Ferrol a traballar nos arsenais (os homes) ou a vender produtos como leite, patacas e xabre para uso doméstico (as mulleres). Ao longo destes camiños atopábanse os pousadoiros, que se utilizaban para deixar as cestas que as mulleres levaban na cabeza e facer un alto no traxecto. Os camiños confluían a uns 100 m. ao sur da ermida e de alí ían cara a Ferrol a través de Serantellos. Desta gallada xurdían dous camiños principais: un que ascendía e deixaba a ermida á esquerda, para chegar á penechaira e descender logo cara ao val de Esmelle; o outro camiño, chamado «da Mariña», aproveitaba unha valgada, deixando a ermida á súa dereita, para chegar á penechaira e baixar de seguido cara á Mariña. O arranque deste camiño sitúase 80 m. ao sur da ermida, no punto de onde sae outro chamado «de romeiros», xunto ao primeiro vía crucis.

En todos eses camiños inda poden apreciarse actualmente as rodeiras deixadas polos carros. Asemade están documentados camiños medievais que viñan desde Covas, pasando por Esmelle e Valón e continuando por Vilasanche, Buil, Viladóniga e Serantellos, é dicir bordeando o monte de Chamorro polo sur (Ferreira, 1988).

REFERENCIAS HISTÓRICAS

Os primeiros datos que temos sobre a riqueza histórico-artística da zona débemolos ao P. Sarmiento cando en 1745 e 1754 examina a documentación medieval dos mosteiros da comarca salientando a importancia de San Martiño do Couto. Pouco máis dun século máis tarde, en 1858, Montero Aróstegui alude á abundancia de castros e mámoas en Ferrol e as súas cercanías. En 1867 Leandro de Saralegui fala da existencia de «restos de dos dólmenes cerca de Ferrol», un deles destruído por mor da necesidade de pedra a mediados do século XVIII. O segundo dolmen estaba en Chamorro e mantiña ergueitos dous chantos de 2,90 e 3,56 m. de altura respectivamente, sendo a distancia entre eles de 0,94 m. Tamén cita Saralegui, sen especificar os lugares exactos, campos de mámoas pola zona de Ferrol, «con especialidad en toda la costa del Oeste». En 1883 Novo alude a «un número muy considerable de 'barrows' y 'galgals' en las inmediaciones de Ferrol». En 1888, Murguía fala das mámoas de Ferrol «y países cercanos». Algo máis tarde, en 1903, será Nicolás Fort y Roldán quen fale dos «castros, dólmenes, menhirs, etc. que se encuentran en nuestros alrededores». En 1907 Santiago de la Iglesia da noticia dunha frecha de sílex atopada nas inmediacións do lago de Doniños.

Cingúndonos ao monte de Chamorro existen varias noticias que fan referencia aos penedos que deron orixe á erección da ermida. Saralegui fala deses penedos como pedras moventes, á vez que alude a outra 'Pena de Embade' que foi parcialmente destruída a mediados do século XVIII para utilizala nas obras dos arsenais. Victorino Novo nunha inacabada «Historia de Ferrol», cita o «Hand book of Spain», de Murray no que este autor refírese aos penedos da ermida de Chamorro tamén como pedras de embade e alude, asimesmo, ao peculiar resalte na parte inferior da rocha que está no interior da capela¹.

Respecto ao resalte na rocha, ata hoxendía se interpreta como unha pegada da Virxe (a pesar de que é resalte e non baixorrelevo) pola devoción popular. Santiago de la Iglesia fixo estudos sobre este aspecto a finais da década dos 70 do século XIX, chegando ao convencemento de que o devandito resalte foi cincelado por devotas pero inexpertas mans, aproveitando un saínte natural, como existen de forma similar abundantemente nos arredores da ermida. Desta mesma opinión é tamén Rodrigo Sanz, que salienta a gran cruz grega incisa na rocha do interior do templo. A sacralidade do lugar está posta fóra de toda dúbida: Saralegui (1867), de la Iglesia (1901), Sanz (1904) e Carré (1929) fanse eco desta circunstancia aludindo a que ceais Chamorro fora noutro un lugar relixioso pagán cristianizado posteriormente (Saralegui) ou ben que existira nese lugar «un ara gentilica de los aborígenes anteriores al cristianismo» (de la Iglesia).

Respecto ao topónimo «Chamorro», existen dúas etimoloxías para explicalo. A primeira delas ven dada polo P. Sarmiento, quen dí que deriva da voz «*clamoris*». De feito unha das acepcións da palabra «clamor» defínea como «rogativa que se fai indo en procesión a algún santuario famoso para pedir algunha gracia, xeralmente a chuvia» (Risco, 1962). Certamente, á Virxe de Chamorro dirixíanse desde lonxanos tempos as xentes de Ferrol e arredores en tempos de seca para que lles enviase auga.

A segunda etimoloxía explicaa Saralegui (1900) e corrobora a Sanz (1904): Chamorro significa «solo de penedos redondeados». Cha = solo e morro = redondez, casco (morrión). Durante as contínuas loitas dinásticas da Baixa Idade Media os casteláns chamaban «chamorros» aos portugueses, por menosprezo, xa que éstos levaban a cabeza rapada ou co pelo moi curto, fronte a moda castelá que adoitaba o pelo longo. «Por consiguiente, monte Chamorro es lo mismo que monte pelado o desnudo de vejetación (sic), como el de nuestras inmediaciones en que se asienta el santuario» (Saralegui, 1900). O termo ten idéntica acepción tanto en galego como en castelán: animal coa cabeza rapada ou esquilada.

¹ (...) *The church of Chamorro, 2 m. to the N.W. of the town. Its foundation dates from the remotest antiquity (...) They are probably the remains of a celtic altar: the uppermost stone was doubtless originally placed in a much more elevated position, as the figure of a human form (saint or virgin) is roughly sculptured upon the lower surface; its outline can be distinctly felt by passing the hand underneath the stone. It is probably that this out-of-the-way spot was chosen for the ch. owing to the sacred traditional character of the pagan site itself.*

Ademais en galego existen dous significados máis: «peñasco redondo o suelo de penedos» e «monte o sierra que carece de vegetación» (Franco, 1972). O Diccionario da RAE (1992) especifica «trigo chamorro», e defíneo como «una especie de trigo mocho (pelado) con la espiga pequeña y achatada». Corominas e Pascual (1989) atribúen á palabra «chamorro» unha orixe incerta, tal vez prerromana, e tamén dan conta do significado: «cabeza rapada, esquilada». Ademais coinciden con Saralegui na etimoloxía histórica e na identificación, inda na actualidade en zonas de León, de «chamorro» como sinónimo de «portugués».

En diversa documentación, tanto moderna como contemporánea, ademais de fontes orais actuais, poidemos confirmar que a adicación do terreo onde se asenta a capela e máis os seus arredores, foi sempre de braña, matogueira, xesta e monte baixo en xeral.

Bouza Brey no seu Discurso de Ingreso na Real Academia Galega, en 1941, posteriormente publicado no Boletín, inclúe á Virxe de Chamorro nos santuarios nos que se realizan rogativas para impetrar a choiva, sendo a rogativa «un elemento cristiano en el que encajan las prácticas paganas». Esta mesma idea será exposta noutro traballo publicado en 1956. Respecto á idea dos gravados nas pedras, ben sexan éstos naturais ou antrópicos, tanto en Galicia como noutras rexións peninsulares², atribúense a «pasadiñas da Virxe, de Noso Señor ou de algún santo». (Taboada, 1965, 1972, 1980). A cristianización de Chamorro ao igual que noutros santuarios marianos recorre a moitos elementos comúns: a imaxe da Virxe é atopada entre os penedos por unha parellíña de pastores que se refuxia da chuvia. Os nenos levan a imaxe para a súa casa (neste caso en Serantes), pero a imaxe desaparece e volve ao lugar da aparición, indicando así a súa intención de ficar nese lugar, onde se lle construíra a ermida.

A romería á Virxe de Chamorro celébrase o luns de Pascua e sempre tivo moita sona, ata tal punto que existía a carón da ermida unha casa que servía como abeiro para os romeiros que viñan de lonxe, que podían pasar alí a noite. Ata a primeira metade do século XIX a Virxe de Chamorro era chamada: Nosa Señora do Nordés, Patrona de los mares y de los valles (Cardeso, 1987). En efecto, Chamorro «es lo primero que mira el navegante al entrar en el puerto (...) aquella ermita que blanquea a sus ojos como un ara santa (...) para dar gracias a la Virgen por su feliz arribo (...)» (Lago, 1897). Esta idea tamén é recollida por Sanz (1902): «la gente marinera saluda a la Virgen al entrar en el puerto». Diversos costumes dos romeiros son relatados por Fraguas (1960) e por Rodríguez Fráiz (1960).

A través desta somera recapitulación podemos deducir a importancia asignada ao conxunto de Chamorro por toda unha hoste de estudiosos dende a segunda metade do século XIX, e quizais por iso resulta tan sorprendente que ata os finais

² Neste senso é ilustrativa a tradición oral e as lendas vinculadas a certos gravados rupestres transmontanos nas que xogan un papel fundamental a Virxe e outros persoaxes do santoral (Sanches et al. 1998).

do pasado século non fose detectado o panel de gravados a carón dunha capela que tanta atención recibira por parte dos eruditos. É certo que o mal estado das insculturas dificulta a súa identificación, pero autores como Saralegui ou de la Iglesia sen dúbida eran coñecedores dos primeiros traballos que a fins do XIX se comezaban a publicar sobre os petroglifos galaicos (Peña e Rey, 2001: 61-64).

O PETROGLIFO

Unha primeira referencia parcial en torno ao petroglifo de Chamorro aparece nun xornal en 1989. Nela dise que o gravado consta dunha cazoleta entre 5 e 7 cms. con tres círculos concéntricos arredor dela e «resto de outra inscultura, inda que esto non se pode aseverar con certeza»³. O certo é que os gravados están moi esvaídos e son difíciles de apreciar se non concorren circunstancias climatolóxicas óptimas.

O petroglifo de Chamorro está realizado na parte superior dun penedo que xunto con outros cumpre a función de alicerce da ermida. Sitúase a 160 m. de altitude. A composición da pedra é de granito de dúas micas, de gran grosso. O panel ten tres metros de longo, cunha orientación E – W e preto de metro e medio de anchura máxima. A súa inclinación é de 19º. Divídese en dúas partes: alta e baixa. Na parte alta aparecen unha coviña inserida nunha combinación de dous círculos concéntricos completos e un terceiro incompleto, a falta de dous pequenos tramos: o diámetro desta figura é de 40 cms. Tres coviñas exteriores (a meirande de 9 cms. de diámetro) á combinación circular completan o gravado. Quince centímetros máis cara ao oeste aparecen dous semicírculos paralelos dun diámetro aproximado de 33 cms., cunha coviña asociada de 5 cms. de diámetro un pouco máis arriba.

Na parte baixa do panel existen dous tramos semicirculares paralelos, que xunto con outros riscos integrarían unha combinación circular triple que non se chega a rematar (o diámetro sería de 28 cms.); asociada a esta figura existe unha coviña de 8 cms. de diámetro. Unha pía natural remata o conxunto.

A circunstancia da existencia de tramos sen labrar que pechen un círculo é explicada por Sobrino (1935) como unha proba de que os petroglifos foron realizados coa técnica da fricción «que en igualdade de tempo e de presión afonda máis nas partes máis moles da pedra e fai que avulten as máis duras». A

³ A noticia está firmada por F. Dopico e A. Pena. «La Voz de Galicia», 7-XII-1989. Posteriormente A. Pena (1991) cita o petroglifo sen aportar máis detalles. Outros autores aluden ao gravado de Chamorro: un animoso grupo de aficionados, o GATT (1996), realiza unha imaxinativa recreación do petroglifo e das súas hipotéticas funcións. En 1998 é citado por G. Llorca: «Ferrol. Claves de su historia» unha serie de caderniños dominicais publicados en «El Ideal Gallego». Tamén é recollido por Ramil (1998). Por último, no 2000, Carneiro e Serrano fanse eco desta estación rupestre.

irregularidade estrutural do soporte, coa presenza de grandes cristais no seo da matriz pétreo, certamente contribúe á conservación diferencial dos sulcos.

A situación do petroglifo cubre unha ampla panorámica cunha orientación NW – SE. Inmediatamente baixo os penedos o terreo baixa nunha pendente forte (25º) durante 50 m., ata o punto onde se atopa o primeiro vía crucis do camiño dos romeiros. Descendendo pola ladeira o terreo amosa unha menor pendente (15º) ata chegar a un rechán duns 50 m. de anchura e 200 m. de lonxitude, que presenta formación de braña a maior parte do ano. Preto del descende un camiño tradicional cara ao val. Este punto é unha encrucillada de camiños que, controlados desde o petroglifo por unha visibilidade inmediata, ascenden cara ao NW ata a penechaira, onde unha portela facilita o tránsito e volven baixar cara ás aldeas do val de Esmelle e do litoral. A poente da portela álzase o monte Pedroso onde están catalogados varios túmulos megalíticos que estarían orientados cunha ampla visibilidade sectorial cara ás vías naturais de tránsito que facilitarían o acceso entre o litoral da Mariña e os vales situados ao sur do cordal, como xa expresamos máis arriba, e que foron utilizadas ata ben entrado o século pasado⁴.

Ao leste da portela está o cumio do Pico do Ouro, topónimo que pode estar vinculado a desaparecidos xacementos prehistóricos con fama de agachar enormes riquezas e tesouros. Outro dato importante a ter en conta para admitir a posible existencia de monumentos da antigüidade é a localización da chamada Fonte de Galiña (actualmente dentro do recinto militar) con importantes pegadas de folclore referidas á aparición da galiña con pitos de ouro na noite de San Xoán.

Alén do arco de visibilidade inmediata, desde o emprazamento do petroglifo de Chamorro avístase toda a enseada da Malata, de gran riqueza marisqueira ata a actualidade e que nos tempos da prehistoria recente sería un óptimo lugar de obtención de recursos por parte das poboacións da zona. O mar entraría máis na terra ca na actualidade, conformando unha paisaxe de marismas asociadas a bosques de ribeira de gran importancia para a supervivencia dos grupos humanos do II milenio a. C.

Se analizamos o petroglifo canda a capela de Chamorro no marco do grupo galaico no que se insire podemos sinalar –como xa indicáramos máis arriba- que dende o punto de vista temático e compositivo encaixa perfectamente co nido predominio dos motivos xeométricos máis sinxelos a medida que nos afastamos do curso medio do Lérez. A súa ubicación a media ladeira non diverxe das pautas ‘normais’ nesta provincia artística, pero sí o fai a selección dunha rocha que sen ser a máis sobranceira, forma parte dun afloramento moi visible ata certa distancia, afastándose así do que é habitual nos petroglifos galaicos máis clásicos, coa súa preferencia por superficies horizontais menos conspicuas e apenas distinguibles a uns poucos metros.

⁴ Supoñemos que había máis túmulos, pero terían desaparecido por mor das obras de construción das instalacións militares da zona. (Carneiro e Serrano, op. cit.).

Polo que respecta ao dominio visual, este petroglifo amosa unha mestura de ortodoxia e singularidade: a segunda característica ven dada polo control dunha ampla panorámica sobre a chaira litoral e a ría ferrolá. Este tipo de visibilidade é raro na área clásica do grupo galaico, pero se observa con máis frecuencia na periferia da súa distribución (Baixo Miño, Barbanza, comarca compostelá). A ortodoxia é seguida na visibilidade inmediata (ininterrumpida por calquera accidente orográfico): efectivamente, aos pés da estación rupestre e após un descenso bastante brusco atópase un rechán que, como indicábamos máis arriba, ten boas condicións de humidade e constitúe ademáis unha encrucillada de camiños clave no tránsito a media-longa distancia entre distintos sectores do litoral, pero tamén a corta distancia, entre as terras altas do Pico de Ouro e Regueiro do Feal e a enseada da Malata. Esta inmediatez a lugares que puideron servir para o pasto dos animais ou o cultivo, combinada co dominio de rutas estratéxicas no marco dunhas pautas móbiles de explotación do territorio (a non confundir cun réxime de vida trashumante) lémbra-nos situacións semellantes detectadas máis ao Sur, nos conxuntos rupestres de Chan da Lagoa ou Coto da Fenteira (Redondela) (Fábregas, 2001) e con máis ou menos coincidencia nos detalles concretos tense sinalado noutros lugares (Peña e Rey, 2001: 124-130; Criado et alii, 2001: 310-314).

BIBLIOGRAFÍA

- BOUZA BREY, F. (1942). «La mitología del agua en el Noroeste hispánico». *B.R.A.G.* Tomo 23; nº 265, pp. 1-5; nº 266, pp. 34-41; nº 268, pp. 89-104.
- (1956). «Ritos impetratórios da choiva en Galiza. A inmersión dos 'sacra' e os vellos cultos hídricos». *Douro Litoral. Boletim da Comissão de Etnografia e História. Sétima Série, IX*; pp. 837-848.
- CARDESO LIÑARES, J. (1987). «O santuario de Chamorro» *El Ideal Gallego*, 11-XI.
- CARNEIRO REY, J.A. e SERRANO OTERO, J. (2000). «Arqueoloxía e Paisaxe. O Arco Ártabro desde a Prehistoria recente ata o Medievalo». *Cátedra. Revista eumesa de estudos*, 7; pp. 119-170.
- CARRÉ ALDAO, E. (1929). Provincia de La Coruña; in *Geografía del Reino de Galicia*.
- CARRERAS y CANDÍ, F. (dir.). Barcelona.
- COROMINAS, J. e PASCUAL, J. A. (1989). Voz «Chamorro». *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*; 2ª reimpresión. Madrid.
- COSTAS, F.J., NOVOA, P. e ALBO, J. M. (1993-1994). «Los grabados rupestres de armas de Pedra Ancha (Dumbría, A Coruña)». *Brigantium*, 8, pp. 245-262.
- CORREA, J. F. (2002). «Os petroglifos das comarcas do Eume e Betanzos. Estudio comparativo». *Cátedra. Revista eumesa de estudos*, 9; pp. 7-58.
- COSTAS, F.J., HIDALGO, J. M. e PEÑA, A. (1999). *Arte rupestre no sur da ría de Vigo*. Vigo.
- CRIADO, F., FÁBREGAS, R. e SANTOS, M. (2001). «Paisaje y representación en la Edad del Bronce: la descodificación del arte rupestre gallego». *La Edad del Bronce, ¿Primera Edad de Oro de España?* (M. Ruíz Gálvez, ed.), pp. 291-320. Barcelona.
- FÁBREGAS VALCARCE, R. (2001). *Los petroglifos y su contexto. Un ejemplo de la Galicia meridional*. Vigo.
- FERREIRA PRIEGUE, E. (1988). *Los caminos medievales de Galicia*. Anexo 9. *Boletín Auriense*. Ourense.
- FORT Y ROLDÁN, N. (1903). «De cómo empezó el señorío en los alrededores de Ferrol». *Anuario Ferrolano para 1904*; pp. 44-54.
- FRAGUAS y FRAGUAS, A. (1960). La Virgen en el Cancionero popular gallego. *El Museo de Pontevedra*, XIV; pp. 89-141.
- FRANCO GRANDE, X.L. (1972). Voz «Chamorro». *Diccionario Galego-Castelán*; 2ª Ed. Vigo.
- G.A.T.T. (1996). «Aporte sobre vellos cultos no monte de Chamorro (Ferrol)», *Anuario Brigantino*, nº 19, pp. 119-122.
- GUIZIÁN CASTROMIL, J. e GUIZIÁN RIVERA, X. (2001). *Arte rupestre do Barbanza*. Noia.
- IGLESIA, S. de la (1901). «Ferrol arqueológico». *Anuario ferrolano para 1902*; pp. 47-51.
- (1907). «Catálogo de la sección de protohistoria gallega de la colección de Santiago de la Iglesia». *Almanaque de Ferrol para el año de 1908*; pp. 59-67.
- LAGO VALLADARES, V. (1897). El santuario de Chamorro. *Follas Novas*, año 1, nº 27; pp. 3-4. La Habana.
- LLOSCA FREIRE, G. (1998). «Ferrol. Claves de su historia»; cap. 2, pp. 19-24. *El Ideal Gallego*, 5-VII.
- MURGUÍA, M. (1888). *Galicia*. Barcelona.
- NOVO y GARCÍA, V. (1883). *Historia de Ferrol*. El Correo Gallego. Ferrol.

- PENA GRAÑA, A. (1991). *Narón. Un concello con historia de seu*, Narón.
- PEÑA SANTOS, A. de la (1979). «Notas para una revisión de los grabados rupestres de 'O Castrinho' en Conxo». *El Museo de Pontevedra*, XXXIII, pp. 69-100.
- PEÑA SANTOS, A. e Rey García, M. (2001). *Petroglifos de Galicia*. A Coruña.
- R.A.E. (1992). Voces: «chamorro» e «trigo chamorro». Diccionario de la Lengua Española; 21ª Ed. Madrid.
- RAMIL, E. (1998). «Ferrol na Prehistoria. Dende o Paleolítico ata a Idade do Ferro», in *Hª de Ferrol. Vía Láctea*, A Coruña.
- RISCO, V. (1962). Etnografía: Cultura Espiritual; in *Hª de Galiza*, Otero Pedrayo (dir.). T. I. Bos Aires.
- RODRÍGUEZ FRÁIZ, A. (1960). «Costumbres populares de las Iglesias y Santuarios marianos de Galicia». *El Museo de Pontevedra*, XIV, pp. 89-141.
- SANCHES, M.J., Santos, P.M., Bradley, R. e Fábregas, R. (1998). «Land marks – A new approach to the rock art of Tras-os-Montes, Northern Portugal». *Journal of Iberian Archaeology*, 0, pp. 85-104.
- SANZ, R. (1902). «Dos apuntes acerca de Chamorro». *Anuario ferrolano para 1903*; pp. 65-71.
- (1904). La etimología y el peñasco de Chamorro. Conferencia leída no Ateneo Ferrolán o sábado 9 de abril de 1904; in *Anuario de las Conferencias y Debates del Ateneo Ferrolano. Curso del 1903-1904*; pp. 175-183.
- SARALEGUI, L. de (1867). *Estudios sobre la época céltica en Galicia*. Ferrol
- (1900). *Informe sobre el antiguo convento de Santa Catalina de Montefaro*. Ferrol.
- SARMIENTO, M. (1745 e 1754). *Viaje a Galicia*. Velo Pensado, ed. Salamanca.
- SOBRINO BUHÍGAS, R. (1935). *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae*. Seminario de Estudos Galegos. Compostellae.
- TABOADA CHIVITE, X. (1965). *O culto das pedras no noroeste peninsular*. Discurso de ingreso na R.A.G. leído o 20-XI.
- (1972). *Etnografía Galega. Cultura Espiritual*. Vigo.
- (1980). *Ritos y creencias gallegas*. A Coruña.

FONTES DOCUMENTAIS

- Catastro do Marqués de la Ensenada (1752). Parroquia de San Salvador de Serantes. Arquivo do Reino de Galicia. A Coruña.
- CATASTROS 1956-1957: Delegación de Facenda. A Coruña.

FONTES ORAIS

Veciños da parroquia de San Salvador de Serantes.

MAPAS

- Cartografía Oficial do Concello de Ferrol. Escala 1:5.000
- Consellería de Ordenación do Territorio. Xunta de Galicia. Escala 1:10.000
- Instituto Geográfico Nacional. Escala 1:25.000
- Instituto Geográfico Nacional. Escala 1:50.000




FIGURA 1: Localización do petroglifo de Chamorro.




FIGURA 2: Mapa de detalle do contorno de Chamorro (o triángulo sinala o petroglifo e o tramado máis meste o arco de visibilidade inmediata dende éste).




FIGURA 3: Reproducción dos gravados de Chamorro.



FIGURA 4: Panorámica visual dende a estación rupestre.



FIGURA 5: A costa de Chamorro vista desde o val de Serantes.